

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 23.01.2026

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D^a. Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D^a. Beatriz Lomba Rodríguez

D^a. María Ortega Iñarrea, en substitución de D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e corenta minutos do día vinte e tres de xaneiro do ano dous mil vinte e seis, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Medio Ambiente D^a Concepción López Paz.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2025080814)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: ONX0FQYJWKM5EXLD), correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezanove de decembro do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Dar conta do fin das análises e identificación de pragas de cuarentena realizadas segundo o protocolo aprobado entre a Dirección Geral de Alimentação e Veterinária (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Diputación de Pontevedra, España) para o 2025. (Expediente 2025047392)

"DAR CONTA DO FIN DAS ANÁLISES E IDENTIFICACIÓN DE PRAGAS DE CUARENTENA REALIZADAS SEGUNDO O PROTOCOLO APROBADO ENTRE A DIREÇÃO GERAL DE ALIMENTAÇÃO E VETERINÁRIA (DGAV) DE PORTUGAL E A ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO (DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ESPAÑA) PARA O 2025. EXPEDIENTE 2025047392

"En agosto de 2025 aprobouse o protocolo de actuación para a realización de análise e identificación de pragas de corentena entre a Dirección geral de Alimentação e Veterinária (DGAV) de Portugal e a Estación Fitopatolóxica Areeiro (Deputación de Pontevedra, España). As pragas incluídas neste protocolo preséntanse na seguinte táboa:

<i>Praga</i>	
<i>Aleurocanthus citripertus</i>	<i>Keiferia lycopersicella</i>
<i>Aleurocanthus spiniferus</i>	<i>Lycorma delicatula</i>
<i>Aleurocanthus woglumi</i>	<i>Nemorimyza maculosa</i>
<i>Ceratocystis platani</i>	<i>Neoleucinodes elegantalis</i>
<i>Diaphorina citri</i>	<i>Pityophthorus juglandis</i>
<i>Elsinoë fawcettii</i>	<i>Scirtothrips aurantii</i>
<i>Eotetranychus lewisi</i>	<i>Scirtothrips citri</i>
<i>Epitrix cucumeris</i>	<i>Scirtothrips dorsalis</i>
<i>Epitrix papa</i>	<i>Tecia solanivora</i>
<i>Epitrix subcrinita</i>	<i>Tilettia indica</i>
<i>Epitrix tuberis</i>	<i>Tomato Leaf Curl New Delhi Virus</i>
<i>Geosmithia morbida</i>	<i>Toxoptera citricida</i>
<i>Grapevine flavescence doree phytoplasma</i>	<i>Trioza eryteae</i>



Dende agosto a decembro de 2025 recibíronse no laboratorio da Estación Fitopatolóxica Areeiro 88 mostras para a determinación de diferentes pragas, nas que se fixeron un total de 289 análises. Todas as mostras están xa analizadas e enviados os correspondentes informes de resultados á Dirección xeral de Alimentación e Veterinaria (DGAV) de Portugal.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3. Dar conta dos informes de arboredo realizados pola Estación Fitopatoloxía Areeiro durante o 2025

"DAR CONTA DOS INFORMES DE ARBOREDO REALIZADOS POLA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DURANTE O 2025

Os técnicos da Estación Fitopatolóxica Areeiro, da Deputación de Pontevedra, realizan informes sobre a avaliación do estado xeral e do risco que poden ter asociados diferentes árbores ou formacións arbóreas de xardíns, áreas urbanas ou zonas forestais, previa solicitude do concello, asociación ou responsable das árbores mediante instancia xenérica.

Os estudos comezan cunha primeira avaliación visual do espazo, para determinar as condicións nas que medran as árbores e o entorno onde se atopan, para valorar tamén o risco e as posibilidades de que ocasionen danos. Despois analízanse todas as partes da árbore, primeiro de maneira visual, e complementándose, se é preciso, con instrumentos de diagnóstico como o tomógrafo de impulsos sonoros, o resistógrafo e outros. Cando se observan síntomas de algunha patoloxía, recóllense mostras de solo ou da planta para facer as correspondentes análises fitopatolóxicas e edafolóxicas nos laboratorios da Estación Fitopatolóxica Areeiro. Do estudo pormenorizado do conxunto de datos obtido con estes procedementos elabórase o informe, onde se indican os defectos observados, a situación estrutural e fitopatolóxica das árbores e as recomendacións de actuación.



No ano 2025 realizáronse 34 inspeccións en 22 concellos, dos que 20 pertencen a provincia de Pontevedra e dous á provincia de A Coruña. A maioría das solicitudes foron realizadas directamente polo propio concello, cun total de 13, mentres que 10 foron realizadas por centros escolares, 8 chegaron dende diferentes asociacións o fundacións e 3 dende a propia Deputación para a avaliación de arboredo do propio organismo. As dous solicitudes de fora da provincia corresponden aos concellos de Brión e Pontedeume.

Nestas inspeccións avaliouuse o estado fitosanitario de arredor de 300 exemplares xa que, solo en oito solicitudes se pedía o informe dunha árbore individual, sendo o máis habitual a avaliación de grupos de árbores o formacións arbóreas.

Os defectos máis comunmente atopados nos espazos e árbores avaliadas son consecuencia de varios factores, como a incorrecta elección da especie, a densidade elevada de pés, a ausencia de actuacións culturais de mantemento básicas ou a mala execución das mesmas.

Unicamente cinco das solicitudes recibidas non precisaron de análises fitopatolóxicas, mentres que en 29 mostraxes foron recollidas mostras nos exemplares e formacións para a súa análise nos laboratorios de Estación Fitopatolóxica Areeiro.

A día de hoxe, todos os informes cos resultados das avaliacións están rematados e enviados aos concellos ou colectivos que os solicitaron.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica'

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

4. Dar conta da actividade analítica do laboratorio Mouriscade no ano 2025

"DAR CONTA DA ACTIVIDADE ANALÍTICA DO LABORATORIO MOURISCADÉ NO ANO 2025.

O Laboratorio Mouriscade realiza análises para coñecer a calidade e as características de forraxes, ensilados, pensos, materias primas, leite e auga relacionados principalmente coa actividade agro-gandeira.

O seu traballo organízase en tres liñas complementarias:



- *Físico-Química, centrada en medir compoñentes e propiedades das mostras (por exemplo, a súa composición).*
- *Microbiolóxica, orientada ao control hixiénico-sanitario mediante o reconto e a identificación de microorganismos (é dicir, bacterias e outros seres microscópicos que poden afectar á seguridade e á calidade).*
- *NIR (Espectroscopía de Infravermello Próximo), unha técnica instrumental que permite obter de forma rápida información sobre parámetros nutricionais e de composición, especialmente útil en forraxes, ensilados, pensos e materias primas.*

No ano 2025 rexistráronse un total de 60.730 mostras analizadas, distribuídas en 35.862 na liña Físico-Química, 14.930 na Microbiolóxica e 9.938 na liña NIR. Esta actividade reflicte unha capacidade de resposta relevante, tanto para o control rutineiro como para necesidades específicas de verificación e seguimento da composición e salubridade dos alimentos destinados a alimentación animal.

O laboratorio Mouriscade na actualidade da servizo a máis de 1750 clientes e presenta un radio de acción que abarca a península ibérica e países da UE como Alemaña, Austria e Países Baixos.

Actividade por liñas de análise

Liña Físico-Química (35.862 mostras)

A liña Físico-Química dedica a súa actividade a medir parámetros nutricionais que permiten describir a composición de forraxes, pensos e materias primas. A demanda concéntrase nun conxunto de parámetros moi recorrentes. En 2025, a determinación máis frecuente foi a proteína bruta, presente en 11.336 rexistros, seguida de fibra bruta (7.318), humidade (7.265) e cinzas brutas (6.679). Ademais, aparecen con peso notable determinacións como amidón (3.138) e materia graxa con hidrólise previa (3.052).

Ademais, tamén se analizaron un total 8420 mostras para a análise da fracción mineral que inclúe a análise de calcio, fósforo, magnesio, potasio, sodio, cobre, ferro, manganeso, zinc e cobalto.

O conxunto destes resultados mostra unha orientación clara cara a medir a composición base (proteína, fibra, humidade, cinzas, almidón, graxa e minearis).

En termos prácticos, isto permite avaliar de maneira sólida a calidade e o aproveitamento potencial dos materiais analizados.



Liña Microbiolóxica (14.930 mostras)

A liña Microbiolóxica traballa no control hixiénico-sanitario, baseado no reconto (cantidade) e na identificación (tipo) de microorganismos. Isto é importante porque certos microorganismos poden ser indicadores de calidade, hixiene ou risco sanitario, segundo o caso.

En 2025 analizáronse 14.930 mostras, cunha presenza maioritaria de leite bovino, que supón 10.591 mostras. A segunda categoría en volume é auga, con 1.108 mostras. O resto de mostras analizadas correspóndense a forraxes, ensilados, pensos e materias primas.

A actividade está moi concentrada na identificación de xerme, con 10.591 rexistros. Complétase ca análise de lévedos e mofos (2.754) , e con ensaios de hixiene e seguridade en distintas matrices: enterobacterias (2.139) e E. coli en pensos (1.866). Entre os ensaios de maior relevancia sanitaria figuran Salmonella spp. (1.430) e Clostridium perfringens en pensos (1.427).

Liña NIR (9.938 mostras)

A liña NIR emprega unha técnica instrumental que permite obter información de maneira rápida sobre parámetros nutricionais e de composición. Resulta especialmente práctica en materiais como forraxes, ensilados, pensos e materias primas, nos que interesa coñecer, con rapidez e de forma comparable, indicadores básicos de calidade.

Na actualidade o laboratorio de Mouriscade e o laboratorio Europeo co mais amplo servizo de análise NIR para forraxes, ensilado, pensos e materias primas.

En 2025 analizáronse vía NIR 9.938 mostras. A actividade está claramente focalizada en materiais asociados a ensilados e pensos: silo de pradeira (3.068), silo de millo (2.224) e ración unifeed (1.620). Outras categorías aparecen con menor peso, como forraxe (505), penso porcino (315) e penso polos (265).

A liña NIR está orientada a dar resposta á avaliación rápida e sistemática de ensilados e racións, permitindo ter resultados en menos de 24 horas.

Resumo.

A actividade do Laboratorio Mouriscade en 2025, con 60.730 mostras analizadas nas liñas Físico-Química (35.862), Microbiolóxica (14.930) e NIR (9.938), xera un volume de información técnica de alto valor para o sector agro-gandeiro. Estes datos permiten avaliar calidade, composición e seguridade de forraxes, ensilados, pensos,



materias primas, leite e auga, e constitúen unha base sólida para o control e a comparación entre lotes e períodos.

O valor dos resultados reside na súa utilidade práctica inmediata. En Físico-Química, a análise sistemática de parámetros chave (proteína, fibra, humidade, cinzas, amidón, graxa e minerais) facilita o seguimento da calidade e a optimización nutricional; a análise mineral en 8.420 mostras reforza a capacidade de detectar desequilibrios con impacto produtivo. En Microbioloxía, o forte peso do leite e os ensaios de hixiene e seguridade (incluíndo identificación de xermes e patóxenos relevantes) achegan unha ferramenta esencial para previr riscos e reforzar controis. En NIR, a concentración en ensilados e racións, xunto coa obtención de resultados en menos de 24 horas, permite decisións rápidas e ben fundamentadas.

En conxunto, trátase dun traballo con impacto directo na eficiencia, trazabilidade e seguridade do sistema produtivo do sector primario. A amplitude de servizo, con máis de 1.750 clientes e alcance na Península Ibérica e en países da UE, consolida o laboratorio como infraestrutura técnica de referencia e como xerador de datos estratéxicos para a mellora continua do sector agro-gandeiro.

Documento asinado dixitalmente'

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

5. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

